

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014854	CEIP Plurilingüe de Oca	A Estrada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2023/2024, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

A presente programación está deseñada para ser implementada durante o curso escolar 2023-2024 no Ceip Plurilingüe de Oca (A Estrada) para o terceiro curso de primaria cun total de seis nen@s (unha nena e cinco nenos):

O Ceip Plurilingüe de Oca, ubicado no concello de A Estrada, atópase enmarcado nunha zona eminentemente rural.

O centro conta con seis unidades, dúas de infantil e catro de Primaria .O claustro está formado por once profesoras e profesores que imparten docencia no centro, dos que catro son itinerantes e comparten o noso centro con outros da contorna (Relixión, A.L, PT e orientadora.).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	a) Comezamos. Obxectivo: a Terra. b) Descubrimos as paisaxes.	Analizaremos o sistema solar, a Terra e a lúa. Os movementos da Terra. A representación da terra. Os movementos internos da Terra. B) Como vemos a Terra! Paisaxes: Como son as paisaxes de montaña, de Chaira e	25	20	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	a)Comezamos. Obxectivo: a Terra. b)Descubrimos as paisaxes.	de Costa.	25	20	X		
2	Necesitamos a auga para vivir	Analizaremos as augas mariñas, Como son os ríos?, o percorrido dun río e outros tipos de auga.	15	10		X	
3	Que importante é o aire!	A atmosfera, Por que chove? Tempo atmosférico, o tempo en cada estación.	15	10		X	
4	Vivimos xuntos	A Comunidade Autónoma de Galicia: poboación, como son as aldeas e vilas, como son as cidades, como se goberna a localidade, o concello e servizos.	15	10		X	
5	Cantos traballos diferentes!	Organización dos traballos, a pesca, traballos no campo, Que son as fábricas, servizos.	15	10			X
6	Moitas cousas fálannos do pasado	Canto cambiamos, o comezo da historia da localidade, a localidade cambia co tempo, o pasado e os seus testemuños.	15	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	a)Comezamos. Obxectivo: a Terra. b)Descubrimos as paisaxes.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e facer pequenos razoamentos sobre o medio natural, social e cultural próximos.	TI	100
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características do medio natural, social e cultural a través de preguntas e búsqueda.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais e propoñer solucións sinxelas recoñecendo comportamentos de respecto e protección da contorna.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma. - Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, os mapas e outros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
2	Necesitamos a auga para vivir	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e facer pequenos razoamentos sobre o medio natural, social e cultural próximos.	TI	100
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Empezar a buscar e seleccionar información para facer pequenas investigacións sobre o medio natural, social e cultural.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Empezar a ser responsable na realización de actividades no contexto escolar establecendo pequenos acordos de forma dialogada cunha linguaxe inclusiva.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características do medio natural, social e cultural a través de preguntas e búsqueda.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais e propoñer solucións sinxelas recoñecendo comportamentos de respecto e protección da contorna.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
3	Que importante é o aire!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e facer pequenos razoamentos sobre o medio natural, social e cultural próximos.	TI	100
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Empezar a buscar e seleccionar información para facer pequenas investigacións sobre o medio natural, social e cultural.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos sinxelos guiados.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Empezar a ser responsable na realización de actividades no contexto escolar establecendo pequenos acordos de forma dialogada cunha linguaxe inclusiva.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características do medio natural, social e cultural a través de preguntas e búsqueda.		
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	- Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural,		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais e propoñer solucións sinxelas recoñecendo comportamentos de respecto e protección da contorna.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
4	Vivimos xuntos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	PE	30
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e facer pequenos razoamentos sobre o medio natural, social e cultural próximos.	TI	70
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Empezar a buscar e seleccionar información para facer pequenas investigacións sobre o medio natural, social e cultural.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos sinxelos guiados.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Empezar a ser responsable na realización de actividades no contexto escolar establecendo pequenos acordos de forma dialogada cunha linguaxe inclusiva.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - Organización política e territorial de Galicia. - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de Galicia. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
5	Cantos traballos diferentes!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura para empezar a buscar información de forma individual e colectiva.	TI	100
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e facer pequenos razoamentos sobre o medio natural, social e cultural próximos.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Empezar a buscar e seleccionar información para facer pequenas investigacións sobre o medio natural, social e cultural.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos sinxelos guiados.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Empezar a ser responsable na realización de actividades no contexto escolar establecendo pequenos acordos de forma dialogada cunha linguaxe inclusiva.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Empezar a analizar a importancia das migracións na actualidade.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar accións que fomenten a igualdade de xénero.		
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer algunhas normas básicas de convivencia no uso de espazos públicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
6	Moitas cousas fálannos do pasado	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga,	PE	10
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura para empezar a buscar información de forma individual e colectiva.		
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e facer pequenos razoamentos sobre o medio natural, social e cultural próximos		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Empezar a buscar e seleccionar información para facer pequenas investigacións sobre o medio natural, social e cultural.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos sinxelos guiados.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Empezar a ser responsable na realización de actividades no contexto escolar establecendo pequenos acordos de forma dialogada cunha linguaxe inclusiva		
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Empezar a analizar a importancia das migracións na actualidade.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar accións que fomenten a igualdade de xénero.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Adoitar condutas respectuosas para protexer o patrimonio natural e cultural.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.

Contidos

- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.
- Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.
- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual
- Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia.
- Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.
- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais) como vía para a análise dos cambios e permanencias na localidade ao longo da historia.
- O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos.
- As expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero.
- O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación.
- Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.
- A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

En cada unidade didáctica, traballaremos recanto de oratoria, recantos de lecturas en relación coa unidade didáctica, obradoiros de creatividade relacionados coa unidade...

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto da editorial Santillana,
Libreta de clase
Material funxible: fichas imprimibles
Pantalla PDI
Ordenador de aula.
vídeos, documentais...
xogos...
Aula Virtual

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará a primeira semana lectiva do curso (2 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na PDI...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	15	15	15	15	15	100
Proba escrita	0	0	0	30	0	10	6
Táboa de indicadores	100	100	100	70	100	90	94

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo , resumos, esquemas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa , poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medida ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro).

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+ ou Voz Natura, entre outros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital					X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable		X				
ET.10 - Desenvolvemento sostible		X	X			
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional en valores.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas escolares	Saídas á contorna próxima ou a lugares de interese para o enriquecemento do currículo da área.	X	X	X
Visitas a museos, teatros, cine...	Visitas guiadas a museos, teatros erlacionados coa temática da área.	X	X	X
Contacontos	Contacontos sobre historias ou contos con temática referente a feitos históricos.	X	X	X
Obradoiros	Obradoiros relacionados con temas da materia.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Teatro, marionetas, maxia, música...	Relacionados con diversos aspectos da área de sociais.	X	X	X
Horto escolar	consumo sostible, importancia do consumo...	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidad da programación
Metodoloxía empregada
Conseguíuse motivar ao alumnado?
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Medidas de atención á diversidade
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Adáptanse as tarefas aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Outros
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes tarefas propostas?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas ao longo dos tres trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo docente, será o propio seguimento das Programacións. Didácticas.

9. Outros apartados